

NOTA SOBRE A XESTION DE RESIDUOS DOMICILIARIOS DURANTE ESTADO DE ALARMA COVID-19
CONSORCIO AS MARIÑAS

Na situación de alerta sanitaria actual, os cidadáns deberán adoptar temporalmente algúns cambios na manipulación e xestión que fan dos residuos que se xeran nos seus fogares, colaborando seguindo as indicacións facilitadas e debendo extremar as medidas de precaución e de hixiene.

Para o manexo domiciliario dos residuos no fogar nesta etapa de alerta deberase continuar coa separación de residuos maioritarios en materia orgánica e inorgánica, xunto coas recollidas selectivas de papel-cartón, vidro, aceite e téxtil nos contedores correspondentes. Resulta de grande importancia que os residuos maioritarios (fracción orgánica e inorgánica) se depositen en bolsa pechada hermeticamente ou dobre bolsa de ser necesario para evitar roturas e perdas de residuos no contedor ou camión recolector. Prégase dentro do posible a máxima colaboración cidadá, para que os residuos estean no exterior o menos tempo posible, no respecto dos horarios, deixando os seus residuos no colector despois das 20 horas e evitando baixar as bolsas as vésperas de domingos e festivos.

Convén recordar que non está permitido o abandono de bolsas de lixo no chan, fora ou ao lado do contedor, e con máis fundamento nesta etapa de alerta sanitaria; se de xeito puntual un contedor se atopa cheo se deben depositar as bolsas noutro contedor próximo que non o estea ou se debe manter a bolsa dos residuos no domicilio á espera do baleirado do contedor no seguinte servizo. Pregamos a máxima colaboración da cidadanía neste senso.

No caso de material utilizado como protección, isto é, mascarillas, guantes de goma, etc e inda máis no caso de que exista algún residuo procedente de sospeitoso por coronavirus, extremaranse aínda máis as medidas de hixiene e limpeza, debendo usar ata unha triple bolsa hermética e pechada para conter eses residuos sospeitosos ou procedentes de atención a esas persoas, de xeito que se minimicen as posibilidades de contaxio ós nosos conveciños e ó persoal de recollida e limpeza e continúa nestes días ca súa labor polo beneficio común. **DEPOSITARASE NO CONTENEDOR DE INORGÁNICO.**

Os puntos limpos permanecerán pechados ata próximo aviso, polo que os cidadáns deberán manter eses residuos nos domicilios ata que se supere a situación. O punto limpo móbil tamén suspendeu temporalmente os seus percorridos polos municipios do territorio. Sí que continúa a funcionar o servizo semanal de recollida de voluminosos, mobles ou entullos domésticos, pero o seu funcionamento é exclusivamente previo aviso telefónico ao 981-795524, onde lle darán as indicacións oportunas. De ningún xeito se autoriza a depositar os residuos voluminosos, mobles ou entullos o carón dos contedores sen previo aviso.

Os residuos procedente de hospitais, ambulancias, centros de saúde, xa están a levar a cabo unha xestión aparte deses residuos conforme á normativa disposta para residuos sanitarios.